



CIRCULAR 49-2018.- CAMPIONATOS DE GALICIA BENXAMÍN/Sub 10, ALEVÍN/Sub 12 E INFANTIL/Sub 14 DE PISTA AIRE LIBRE.

Centro Galego de Tecnificación Deportiva (Pontevedra).-9 de xuño de 2018

- A todas as Delegacións (*)
- A todos os asembleístas
- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

Art.1) A F.G.A organiza o Campionato de Galicia benxamín/Sub 10, alevín/Sub 12 e infantil/Sub 14 de pista aire libre que terá lugar nas Pistas do Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra o sábado, 9 de xuño do 2018, en xornada de mañá e tarde.

Art.2) Poderán participar todos os atletas con licenza F.G.A. durante a tempada actual (2017/18) por algún club pertencente a Comunidade Galega

Art.3) Sistema de competición.

- **Participantes.**

Clasificaranse as 16 mellores marcas da actual tempada dos atletas inscritos. Todos os atletas deberán ter acreditada unha marca oficial na proba na que se inscriben, debendo reflectila na inscrición (non se admitirá ningún atleta sen marca).

- **Participacións máximas.**

Cada atleta poderá participar nun máximo de 2 probas do programa e categoría. No caso de ser carreiras, somentes unha poderá superar os 250m.

- **Número de intentos.**

Nos concursos, os atletas das categorías benxamín e alevín terán catro intentos. Na categoría infantil realizarase paso á mellora.

Art.4). As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do domingo 3 de xuño do 2018.** Lémbrese a obrigatoriedade de especificar a data e lugar da marca nas inscricións. Unha vez recibidas as inscricións publicarase o luns para que os clubs den as baixas nun período de 24 horas e así poder comunicar o listado definitivo o mércores 6 de xuño. Despois de esa data non se admitirán nin baixas nin repescas.

Art.5). Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas de cada proba en cada categoría, sendo obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se entregará a medalla.

Art.6). Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, por diante, agás na pértega, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo da descalificación. Será responsabilidade



dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

Art.7). Durante o transcurso do Campionato, un atleta pode ser excluído de participar nunha ou varias probas no caso de que se clasificara nas eliminatorias (no suposto de habelas) e non participase na rolda seguinte ou ben que confirmara a súa inscrición e non participe.

Art.8). Para as categorías benxamin e alevín non é obrigatorio o uso de tacos nin saída en posición agachada, nen medición do vento nas probas de velocidade e saltos horizontais. Na categoría infantil é obrigatorio a saída con catro apoios (con ou sin tacos) nas probas de velocidade e valados e a medición de vento nas probas de velocidade, valados (80v) e saltos horizontais.

Art.9). Programa de probas.

CATEGORIA MASCULINA		CATEGORIA FEMININA		CATEGORIA INFANTIL	
Benx	Alev	Benx	Alev	Homes	Mulleres
50	60	50	60	80	80
500	500	500	500	150	150
1000	1000	1000	1000	500	500
	2000		2000	1000	1000
				2000	2000
1000 marcha	2000 marcha	1000 marcha	2000 marcha	3000marcha	3000marcha
				80v (0.84)	80v (0.76)
				220v (0.76)	220v (0.76)
				1000 Obstáculos	1000 Obstáculos
Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude
Altura	Altura	Altura	Altura	Altura	Altura
				Triple*	Triple*
				Pértega	Pértega
Peso 1kg	Peso 2kg	Peso 1kg	Peso 2kg	Peso (3kg)	Peso (3kg)
Pelota (200gr)	Pelota (300gr)	Pelota (200gr)	Pelota (300gr)	Xavalina (500gr)	Xavalina (400gr)
				Disco (800gr)	Disco (800gr)
				Martelo (2kg)	Martelo (2kg)

* Carrerira máxima 15m

Art.10). Horario provisional (publicarase o horario definitivo o mércores antes da competición con as inscricións e as cadencias).



CIRCULAR

Complejo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

XORNADA DE MAÑA						
HORA	PROBAS					
10:00	FINAL	3.000 marcha Inf. H/M	Altura Alv.M	Peso Bn.M	Lonx Alv.H	Pelota Bn. H
10:30	FINAL	2.000 marcha Alv. H/M				
10:55	FINAL	1.000marcha Bn. H/M				
11:00	FINAL		Altura Alv.H	Peso Bn.H	Lonx Alv.M	Pelota Bn.M
11:10	FINAL	220v. Inf. M				
11:25	FINAL	220v. Inf. H				
11:40	FINAL	80 Inf M				
11:55	FINAL	80 Inf. H				
12:00	FINAL		Altura Bn.M	Peso Alv. M	Lonx Bn.H.	Pelota Alv.H
12:10	FINAL	500 Inf. M				
12:20	FINAL	500 Inf. H				
12:30	FINAL	1.000 Inf. M				
12:40	FINAL	1.000 Inf. H				
12:50	FINAL	150 Inf. M				
13:00	FINAL		AlturaBn.H	PesoAlv. H	Lonx Bn.M.	Pelota Alv.M
13:05	FINAL	150 Inf. H				
13:20	FINAL	80v. 0,84 Inf. H				
13:35	FINAL	80v. 0,76 Inf. M				

XORNADA DE TARDE						
HORA	PROBAS					
16:30	FINAL	50 Bn H	Altura Inf. M	Peso Inf.M.	Lonx. Inf. H	Disco Inf.
16:45	FINAL	50 Bn M				
17:00	FINAL	60 Alv. H				
17:15	FINAL	60 Alv. M				
17:30	FINAL	500 Bn H	Pértega H/M	Xavalina Inf. H	Long. Inf. M	Disco Inf. M
17:40	FINAL	500 Bn M				
17:50	FINAL	500 Alv. H				
18:00	FINAL	500 Alv. M				
18:10	FINAL	2.000 Alv. H	Altura Inf.H	Peso Inf. H.		
18:25	FINAL	2.000 Alv. M				
18:30	FINAL				Triple Inf. M	Martelo Inf. M
18:40	FINAL	1.000 Bn H				
18:50	FINAL	1.000 Bn M				
19:00	FINAL	1.000 Alv. H				
19:10	FINAL	1.000 Alv. M				
19:20	FINAL	1.000 obst Inf. H				
19:30	FINAL	1.000 obst Inf. M		Xavalina Inf. M	Triple Inf. H	Martelo Inf. H
19:50		2.000 Inf. H				
20:10	FINAL	2.000 Inf. M				



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

SAÍDA A PISTA TRALA PRESENTACIÓN CÁMARA DE CHAMADAS

Carreiras: 10min antes da hora oficial da proba

Carreiras valadas: 15min antes da hora oficial da proba

Concursos (agás pértega): 30min antes da hora oficial da proba

Pértega: 45min antes da hora oficial da proba

* Entrada en Cámara de chamadas, ata cinco minutos antes da saída oficial a pista.

* Os atletas terán a obriga de saír á zona de competición coa camiseta posta. Non poderán saír ca camiseta na man ou guardada

Art.11). A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicarásese as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@atletismo.gal) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba donde se desexe inscribir o atleta, puidendo ser esta denegada.

Art.12). Todo o non disposto no presente regulamento resolverase dacordo, por esta orde cas normas da F.G.A, R.F.E.A. e I.A.A.F.

A Coruña, 14 de maio de 2018



Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo